



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Arousa



C/ Rodrigo de Mendoza, s/n
Recinto Feiral FEXDEGA
36.600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
Tfno. 986 510 953/ 628155386
gac.riadearousa@hotmail.es // galp.mar.riadearousa@xunta.gal

D^a María de los Angeles Longa Portabales, en calidade de Secretaria da Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Arousa, con enderezo en Avda. Rodrigo de Mendoza, s/n, 36.600 Vilagarcía de Arousa e CIF G-70196597.

CERTIFICA:

Na reunión extraordinaria da Xunta Directiva celebrada o 23 de novembro de 2023, e con quórum suficiente en base aos estatutos, tomáronse os seguintes acordos:

1.- SINATURA DAS DECLARACIÓNS DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESE; E DE SER O CASO, MANIFESTACIÓNS DE CONFLITO DE INTERESE.

Procédese por todos os asistentes a cubrir o documento de ausencia de conflito de interese, ou de existencia de conflito de interese, e recóllense os documentos.

Aquela/s persoa/s que manifestaron existencia de conflito de interese con algún proxecto de esta convocatoria de 2023 advírteselle/s que deberán saír da sala, cando se proceda a debater sobre os seus expedientes.

2.- PRESENTACIÓN DA PROPOSTA DO EQUIPO TÉCNICO DOS PROXECTOS AO ABEIRO DAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS 770 E 780 PRESENTADOS Á CONVOCATORIA DE 2023 E APROBACIÓN SE PROCEDE. REVISIÓN, ANÁLISE, BAREMACIÓN E PRIORIZACIÓN DOS PROXECTOS PRESENTADOS E APROBACIÓN SE PROCEDE DA PROPOSTA PROVISIONAL DA XUNTA DIRECTIVA DOS PROXECTOS PRESENTADOS Á CONVOCATORIA 2023.

O Presidente cédelle á palabra á Xerencia quen expón a proposta de resolución provisional do equipo técnico do GALP Ría de Arousa, que se achega como anexo a esta acta, sinalando que o número de solicitudes presentadas a esta convocatoria, foron 20 en total, 1 non tiña a documentación mínima exigible e os outros 19 si. O desglose segundo a partida orzamentaria correspondente son 11 proxectos da partida 770 e 8 para a 780.



Cofinanciado por
la Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Infórmase pola Xerencia que respecto dos 11 proxectos da partida orzamentaria 770, non son obxecto de valoración 2 proxectos por renuncia e desestimación do promotor; 3 por non cumprir o Artigo 4. 1.f) da orde de bases para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativos (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023. Polo que as propostas de solicitude admitidas para baremación corresponden a **5 proxectos da partida 770** e **8 proxectos da partida presupuestaria 780**.

Preséntanse os proxectos segundo a orde de prelación pola puntuación obtida.

PARTIDA 770:

Código Expte	Tipo I/C	Solicitante/s	NIF	Denominación proxecto	Puntos
PE155A-2023-00031	I	MOLUSCOS TRONCOSO S.L.	B36****04	Nuevo producto, mejora calidad, mejoras condiciones de trabajo, valor añadido	160
PE155A-2023-00102	I	NATUREZA NA FONTE DO MOURO, SL	B09****64	Turismo como exaltación da beleza da ría de Arousa (O Lecer)	144
PE155A-2023-00075	I	AMEGROVE, SOC. COOP. LTDA.	F36****43	Implantación sistema E.commerce e ampliación de sistema informático para introducción de novos produtos ao catálogo	140
PE155A-2023-00079	I	ECOPLAS BARBANZA, SL	B70****66	Lixomar netcycle	139
PE155A-2023-00099	I	IRONOR METALURGIA, S.L.	B70****31	Innovando no sector do mar	124





PARTIDA 780:

Código Expte	Tipo I/C	Solicitante/s	NIF	Denominación proxecto	Puntos
2023-00026	I	COFRADÍA DE VILANOVA AROUSA	G36****97	Adquisición de maquinaria para o marisqueo na Cofradía A Pastoriza de Vilanova de Arousa	150
2023-00013	I	COFRADÍA DA ILLA DE AROUSA	G36****24	Adquisición de maquinaria para restauración de ecosistemas marinos e mellora das condicións de traballo d@s mariscador@s	149
2023-00046	I	CONCELLO DE BOIRO	P15****0J	O que nos conta o mar de Arousa	145
2023-00112	I	ASOCIACIÓN AMBAR	G15****34	Ría de Arousa Accesible	140
2023-00081	I	ASOCIACIÓN AMICOS	G15****78	BITÁCORA: medidas para a posta en valor do patrimonio pesqueiro e fortalecemento da identidade da Ría de Arousa	139
2023-00104	I	COFRADÍA DE CAMBADOS	G36****47	Proyecto de mejora de las condiciones de trabajo y optimización de proceso	130
2023-00127	I	ASOCIACIÓN AUTISMO BATA	G36****67	A Toxa Re-vive: recuperación e conservación do Monte Central na Illa da Toxa (O Grove)	125
2023-00125	I	ASOCIACIÓN CULTURAL E DE TRADICIÓN MARIÑEIRAS "GAMELA"	G15****98	A memoria do Cabo da Cruz	120



A continuación procédese a dar conta do Anexo II da proposta de resolución provisional do equipo técnico dos proxectos que procede a súa desestimación motivada.

ANEXO II

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DESESTIMACIÓN DE AXUDAS

Código Expte.	Tipo Proxecto	Solicitante/s	NIF	Denominación proxecto	Motivo desestimación
PE155A-2023-00005	I	JOSE ANGEL VIDAL ABAL	52****50H	Solución dixital integral para o cultivo, trazabilidade e xestión do mexillón	Incumprimento artigo 17: Non aporta a documentación mínima exixible
PE155A-2023-00009	I	JOSE ANGEL VIDAL ABAL	52****50H	Solución dixital integral para o cultivo, trazabilidade e xestión do mexillón	Desestimado non cumprir o Artigo 4. 1.f) da Orde de bases: Non xera unha UTA e non aporta a documentación requerida
PE155A-2023-00011	I	PABLO CHOUZA LÓPEZ	52****58D	ETNOGRAFÍA DO MAR DE AROUSA	Desestimado non cumprir o Artigo 4. 1.f) da Orde de bases: Non xera unha UTA e non aporta a documentación requerida
PE155A-2023-00017	I	PIRAGUILLA, SC	J36****59	O mar, o mellor camiño	Incumprimento artigo 16.g): Non aporta documentación tralo requirimento
PE155A-2023-00033	I	AQUAGESTIÓN RIAS BAIXAS, SL	B94****12	Corentenas e concienciación do mundo mariño	Desestimado non cumprir o Artigo 4. 1.f) da Orde de bases: Non aporta documentación tralo requirimento
PE155A-2023-00058	I	COWORKING A POBRA, SL	B56****75	Espacio Coworking	Renuncia ao proxecto
PE155A-2023-00090	I	PEDREIRA COMPLEJO TURÍSTICO, SL	B56****42	Casas rurais	Renuncia ao proxecto



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Arousa



C/ Rodrigo de Mendoza, s/n
Recinto Feiral FEXDEGA
36.600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
Tfno. 986 510 953/ 628155386
gac.riadearousa@hotmail.es // galp.mar.riadearousa@xunta.gal

Faise constar expresamente que durante a exposición, análise, debate e votación da proposta provisional do equipo técnico do GALP Ría de Arousa, presentada pola Xerencia, non participaron aquelas persoas que manifestaran algún tipo de conflito de interese sobre algún/s dos proxectos e que presentaran por escrito nos que puideran ter conflito de interese que se achega anexo a esta táboa.

Unha vez revisados os proxectos das partidas presupuestarias 770 e 780 e o Anexo II de Desestimación e, **coa salvedade do sinalado no parágrafo anterior**, a Xunta Directiva do GALP Ría de Arousa aproba por unanimidade a proposta do equipo técnico.

Unha vez revisados os proxectos das partidas presupuestarias 770 e 780 e, **coa salvedade do sinalado no parágrafo de conflito de interese**, a Xunta Directiva do GALP Ría de Arousa aproba por unanimidade, manter a priorización dos proxectos presentado polo Equipo Técnico.

A Xunta Directiva do GALP Ría de Arousa, aproba por unanimidade a proposta de Resolución Provisional para a convocatoria 2023 que se achega a esta acta.

Acórdase que se proceda á publicación esta proposta de resolución provisional no taboleiro de anuncios do GALP e na páxina www.galp.xunta.gal, e que se inclúa a advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos, e outorgarase un prazo de alegacións contra esta resolución de 5 días hábiles contados dende a data da súa publicación.

Pasados os 5 días hábiles, sen recibir alegacións contra esta resolución, acórdase que esta proposta pase a definitiva. Esta proposta definitiva xunto con este acta enviarase á Consellería do Mar, e publicarase no Taboleiro de anuncios do GALP e na páxina web www.galp.xunta.gal coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.



Cofinanciado por
la Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Arousa



C/ Rodrigo de Mendoza, s/n
Recinto Feiral FEXDEGA
36.600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
Tfno. 986 510 953/ 628155386
gac.riadearousa@hotmail.es // galp.mar.riadearousa@xunta.gal

Acórdase tamén que non caso de que houbera algunha alegación, esta Xunta directiva reunirase o vindeiro venres día 1 de decembro para a súa valoración e realizar a proposta definitiva.

Acórdase tamén que o Presidente e Xerente realicen todo o necesario segundo o procedemento para levar a cabo os acordos desta Xunta Directiva.

Non producíndose ningunha outra intervención, dáse por finalizada a reunión da Xunta Directiva sendo as 18:30 horas.

* Achégase copia das táboas 770, 780 e proxectos desestimados.

En Vilagarcía de Arousa, a 23 de novembro de 2023

Vº e Prace

Asdo: M.^a de los Angeles Longa Portabales

Secretaria

Asdo: Juan José Rial Millán

Presidente



Cofinanciado por
la Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Arousa



C/ Rodrigo de Mendoza, s/n
Recinto Feiral FEXDEGA
36.600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
Tfno. 986 510 953/ 628155386
gac.riadearousa@hotmail.es // galp.mar.riadearousa@xunta.gal



Cofinanciado por
la Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR